



Temos moita enerxía que dar

**Practica os 3R:
Reduce, Reutiliza e
separa para Reciclar.
Do Resto encárgase Sogama**

Entrevistamos a...



Luís Lamas
PRESIDENTE DE SOGAMA

"O ano pasado conseguimos incrementar, aínda máis, a eficiencia do complexo medioambiental de Cerceda"

[Ler máis...](#)



Mª Eugenia Pérez Montes
PROFESORA NO CEIP
CARBALLAL-CABRAL

Coordina o programa educativo "Recíclate con Sogama" nesta escola viguesa onde a iniciativa foi acollida con moita ilusión

[Ler máis...](#)

Novas

56.000 visitas desde o inicio da actividade



As visitas guiadas ao complexo de Cerceda, as consultas da web e os seguidores en redes sociais confirman o interese da poboación pola actividade de Sogama.

[Ler máis...](#)

Preto de 1.200 familias xa producen o seu propio abono

[Ler máis...](#)

O comercio ourensán reparte bolsas de papel reciclado

[Ler máis...](#)

Mundo SOGAMA



Alumnos de 16 colexios apostan pola reciclaxe

Ata final de curso desenvolverán un programa educativo a través do que aprenderán a importancia da segregación dos residuos en orixe

Os centros participantes xa foron provistos co material necesario facilitado por Sogama para levar a cabo esta iniciativa: illas de reciclaxe, lotes de bolsas de cores e material didáctico e divulgativo de apoio. As escolas con comedor tamén dispoñen dun composteiro para fabricar abono

[Ler máis...](#)

Multimedia



Sabes que fai Sogama?

A filosofía de Sogama, baseada nos 3 R, guía a actividade das súas instalacións para sacar o máximo proveito do lixo co mínimo impacto ambiental.

Coñeces á familia Trebón?

[Mira este vídeo!](#)

Eventos



Un logro que nos implica a todos

O presidente de Sogama, Luís Lamas, impartiu en Lourenzá unha charla informativa sobre a reciclaxe.

[Ler máis...](#)



Pequenos esforzos, grandes compensacións

Unha carpa informativa e educadores ambientais percorren varios municipios galegos para falar da importancia da colaboración cidadá na xestión de residuos.

[Ler máis...](#)

Actualidade



O Plan de Xestión de Residuos Urbanos de Galicia 2010-2020 é a folla de ruta que guiará nesta década todas as accións para acadar unha eficiente xestión dos residuos urbanos na nosa comunidade.

[Ler máis...](#)

Entrevistamos a...

Boletín Informativo XANEIRO 2013



Luís Lamas Novo
Presidente de SOGAMA

"O ano pasado conseguimos incrementar, aínda máis, a eficiencia do complexo medioambiental de Cerceda"

O responsable da empresa pública fai balance de 2012 e avanza os novos proxectos para os vindeiros meses aproveitando o lanzamento desta Newsletter, a nova ferramenta divulgativa de Sogama.

Coincidindo co inicio do ano 2013, Sogama aborda unha nova ferramenta divulgativa coa que prevé reforzar a súa política de comunicación. Por que unha Newsletter e que obxectivos perseguen coa mesma.

A verdade é que a Newsletter é un medio informativo ao que xa viñamos dando voltas desde fai tempo, considerando que podería constituír un bo instrumento co que reforzar a nosa estratexia de comunicación. Desde Sogama queremos utilizar todas as ferramentas ao noso alcance para dar a coñecer o que facemos, por que o facemos e para que o facemos. Neste contexto, e dado que xa tiñamos dado o salto ás redes sociais, nas que sumamos máis de 7.300 seguidores, a revista dixital constituía unha materia pendente, polo que consideramos oportuno lanzala agora.

Con que frecuencia se formula a súa edición e que contidos aborda coa Newsletter pretendemos reflectir as actuacións da entidade ao longo dun determinado intervalo de tempo. A nosa intención é comezar cunha edición bimensual. Logo, en función da súa acollida e repercusión, analizaremos se debemos reducir ou ampliar este período.

Está conformada por cinco seccións básicas: "Entrevistas" a persoas vinculadas, directa ou indirectamente, ao ámbito medioambiental; "Mundo Sogama," onde se recollen as noticias máis destacables da compañía; "Multimedia", espazo ao que iremos incorporando novidades en relación a microprogramas informativos e cuñas radiofónicas, vídeos, videocontos, etc; "Axenda", con información relativa aos actos institucionais e campañas corporativas máis relevantes; e un apartado de "Actualidade" no que se difundirá información de interese no ámbito medioambiental en xeral.

A quen dirixen este instrumento informativo

Pois diríxese practicamente a todos os colectivos sociais: aos concellos, que son os nosos clientes, aos centros escolares, tanto de primaria como de secundaria, ás universidades, aos distintos departamentos da administración autonómica, aos medios de comunicación, ás asociacións, aos colexios profesionais, ás empresas do sector, etc.

Dado que o medio ambiente é unha temática transversal, consideramos que, a priori, todos os sectores poderían estar interesados en recibir a Newsletter, de aí que a incluíamos igualmente no noso sitio web corporativo www.sogama.es.

Traballamos, educamos, actuamos ... por un futuro sostible. Por que este lema?

É o mesmo lema co que identificamos a nosa páxina web e a través do cal pretendemos transmitir á poboación que a nosa empresa, maioritariamente pública, traballa día a día para mellorar o benestar e a calidade de vida da cidadanía galega, pero que tamén inviste grandes esforzos na educación para que esta asuma a súa responsabilidade medioambiental. En consecuencia, actuamos desde a dimensión industrial, divulgativa, mediática e de I+D+i, para que o noso traballo beneficie a toda Galicia.

Entendemos que Sogama ten xa sobre a mesa moitos proxectos educativos para este ano ...

Si, algúns xa están plenamente operativos. É o caso do programa "Recíclate con Sogama", ao que se adscribiron 16 centros educativos de infantil e primaria e que xa contan con contedores específicos para o depósito de tres fraccións de residuos: bolsa amarela (envases de plástico, latas e briks), papel/cartón e bolsa negra (residuos non reciclables). A aqueles que contan con servizo de comedor, tamén se lles subministra un composteiro para a fabricación de compost a partir da materia orgánica producida, que poderán utilizar como elemento fertilizante nas súas hortas e xardíns. O obxectivo desta iniciativa é que os pequenos aprendan a separar o lixo e que o depositen nos recipientes axeitados para que poida ser reciclado.

Tamén colaboramos na edición do xogo da reciclaxe, promovido pola Consellería de Medio Ambiente e Ecoembes, e orientado a todos os colexios de primaria co mesmo obxectivo que o programa "Recíclate con Sogama".

En breve sacaremos á luz unha nova edición da campaña TI es a peza que falta, que se centrará igualmente na reutilización e o reciclado, e lanzaremos, baixo o nome "Caderno Verde", un portal educativo sobre xestión de residuos urbanos dirixido a profesores e escolares. Neste sentido, aproveito para anunciar que estamos a deseñar un curso de formación sobre xestión de refugallos urbanos e o modelo Sogama orientado a docentes de primaria, e que se materializará durante o curso académico 2013-2014 a través da Consellería de Educación. Proseguiremos co programa de visitas ás nosas instalacións, polas que pasaron preto de 56.000 persoas, e apoiaremos unha campaña de recollida selectiva de pilas mediante a distribución de contedores específicos en colexios de primaria e secundaria. Están previstas máis actuacións, pero aínda estamos a traballar nas mesmas.

Que balance faría, en termos xerais, do 2012?

Pois, podemos dicir que, á marxe dos problemas derivados da crise pola que todos estamos atravesando, e á que Sogama non é allea, a nivel industrial cabería trasladar a nosa razoable satisfacción polo traballo realizado durante o ano pasado. Consegüimos incrementar, aínda máis, a eficiencia do complexo medioambiental de Cerceda, superando incluso a súa capacidade nominal, circunstancia que, entre outros factores, fixo posible reducir nun 18,17 por cento o depósito de residuos no vertedoiro de Areosa. Así mesmo, logramos aumentar a produción de enerxía no complexo nun 16,52 por cento respecto aos valores alcanzados en 2008, sendo aínda máis impactantes as cifras alcanzadas na planta de biogás do vertedoiro de Areosa, xa que, neste caso concreto, estaríamos a falar dunha subida, respecto á mesma anualidade, do 182,56 por cento.

E a nivel social, pois creo que conseguimos maior visibilidade e creo tamén que unha maior complicidade coas institucións e a poboación en xeral. Aínda que, de forma máis lenta do desexable, aos poucos todos imos sendo conscientes de que nos necesitamos mutuamente para poder minimizar a nosa pegada ecolóxica. É un traballo colectivo no que cada un de nós ten a súa parte de responsabilidade. Se falla un eslabón, rómpese a cadea.

[Voltar á páxina de inicio](#)

Entrevistamos a...

Mª Eugenia Pérez Montes
Profesora no CEIP Carballal-Cabral

Mundo SOGAMA

Alumnos de 16 colexios apostan pola reciclaxe

Novas

56.000 visitas desde o inicio da actividade

Preto de 1.200 familias xa producen o seu propio abono

O comercio ourensán reparte bolsas de papel reciclado

Multimedia

Eventos

Actualidade

Síguenos en...



www.sogama.es



Entrevistamos a...

Boletín Informativo XANEIRO 2013



Mª Eugenia Pérez Montes

Profesora no CEIP Carballal-Cabral
Coordina o programa educativo "Reciclate con Sogama" nesta escola viguesa na que a iniciativa foi acollida con moita ilusión

"Creamos unha "Patrulla de Reciclaxe" para organizar a implicación do alumnado"

Mª Eugenia Pérez Montes é profesora de Educación Infantil no CEIP Carballal-Cabral de Vigo e coordinadora no centro do programa educativo "Reciclate con Sogama", materializado a través do Plan Proxecta da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

Que foi o que animou ao Ceip Carballal-Cabral a presentar a súa solicitude para participar no programa "Reciclate con Sogama", promovido no marco do Plan Proxecta da Consellería de Educación?

Pois, a verdade, no noso centro xa reciclábamos, o que pasa é que criamos necesario darlle unha saída e unha explicación de por que o facemos e por que o debemos facer. E consideramos necesario tamén implicar aos nenos/as en todo o proceso da produción e tratamento do lixo, desde o máis próximo para eles ata o último paso.

Que acollida tivo esta iniciativa entre o profesorado e o alumnado do centro?

En principio, a proposta gustou e todos quixeron participar. Estamos moi ilusionados coa actividade.

A finais de decembro de 2012, entregóuselles a illa de reciclaxe, conformada por tres contedores de recollida selectiva para que a comunidade educativa poida depositar nos mesmos as distintas fraccións de lixo. Como están a funcionar? Hai implicación por parte dos cativos? Formulan moitas dúbidas á hora de separar os refugallos?

Pois no noso centro as illas de reciclaxe están a funcionar ben. A implicación organizámola creando unha "Patrulla de Reciclaxe". Cada semana hai un encargado/a por aula que se ocupa de baleirar as papeleiras nas illas de reciclaxe e ademais, resollen dúbidas aos demais compañeiros/as. Están moi contentos e participan con moita ilusión. En xeral, non xorden moitas dúbidas, e as que hai, son resoltas polos seus compañeiros/as, polos mestres/as e pola mestra-coordinadora.

Tamén recibiron un composteiro co que teñen a oportunidade de fabricar abono natural a partir da materia orgánica xerada no comedor escolar. Comezaron xa a dar os primeiros pasos na súa utilización?

O composteiro está colocado no patio do centro. A idea é que cando vaiamos alí, o que coincide coa hora da merenda, o alumnado bote no composteiro os restos de froitas, ... Logo aos poucos, queremos estender o hábito ás familias. No noso centro temos un composteiro de lombrigas e funciona moi ben. Penso que será un éxito.

No marco desta iniciativa, o centro está a desenvolver o seu propio proxecto educativo. Fálenos del.

Entre os principios que seguimos no noso proxecto educativo está o respecto e a defensa da Natureza, con todo o que isto supón. Tratamos de traballar e inculcar o respecto e defensa do medio natural e da nosa contorna.

Vostede efectuou, o pasado 11 de xaneiro, un curso de formación en Sogama que foi aproveitado para realizar un percorrido guiado polas instalacións do seu complexo medioambiental de Cerceda. Que valoración lle merece esta actividade?

A actividade pareceume moi interesante. Tamén resultou "esclarecedora" desde o punto de vista de que, moitas veces, aínda que sabes que tiramos moitas cousas ao lixo, cando fas a visita a Sogama é cando es consciente da cantidade real que producimos e de que debemos facer algo para sensibilizarnos en torno á necesidade de reducir, reutilizar e reciclar.

Entrevistamos a...

Luís Lamas Novo
Presidente de SOGAMA

Mundo SOGAMA

Alumnos de 16 colexios apostan pola reciclaxe

Novas

56.000 visitas desde o inicio da actividade

Preto de 1.200 familias xa producen o seu propio abono

O comercio ourensán reparte bolsas de papel reciclado

Multimedia

Eventos

Actualidade

[Voltar á páxina de inicio](#)

Síguenos en...



www.sogama.es



Alumnos das catro provincias aprenden a importancia da separación de residuos co programa educativo "Recíclate con Sogama"

Escolares de infantil e primaria de 16 colexios galegos participan, tras unha exitosa experiencia piloto, nesta iniciativa de educación ambiental coordinados polos docentes e na que tamén se implica ao seu ámbito familiar.



As illas de reciclaxe sitúanse en lugares estratéxicos dos colexios

Por primeiro ano, e tras unha óptima experiencia piloto, o programa educativo "Recíclate con Sogama", xa está implantado e funcionando en 16 colexios galegos de infantil e primaria repartidos nas catro provincias. Os centros foron seleccionados a través do Plan Proxecta da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria segundo criterios establecidos por Sogama.

O obxectivo desta iniciativa é mellorar a segregación de refugallos en orixe e incrementar as porcentaxes de reciclado na nosa comunidade. O medio escolar constitúe un pilar fundamental para esta práctica, sendo o profesorado unha peza clave por erixirse en punto de referencia para os alumnos. Igual que o son os pais a familia polo que o proxecto tamén se estende a este ámbito.

As escolas participantes xa foron provistas co material necesario facilitado por Sogama para levar a cabo esta iniciativa. En lugares estratéxicos dos recintos situáronse as denominadas "illas de reciclaxe" e para efectuar a segregación de desperdicios nas propias aulas, contan con lotes de bolsas de cores e diverso material didáctico e divulgativo de apoio. As illas están conformadas por tres contedores ecolóxicos para os envases lixeiros (amarelo), papel e cartón (azul) e restos orgánicos non reciclables (verde). A maiores, os colexios con servizo de comedor dispoñen dun composteiro co que fabricar abono natural a partir da materia orgánica xerada, que empregarán nas súas hortas e xardíns.

De aquí ao mes de xuño, cada centro desenvolverá o seu propio proxecto educativo para cumprir cos obxectivos do programa. Despois, coincidindo co fin de curso, os resultados serán avaliados pola propia inspección educativa e por Sogama. Nestes meses, a empresa pública está a manter reunións periódicas cos coordinadores e co profesorado de apoio en cada colexio e a principios de ano, impartiu un curso de formación na sede do complexo en Cerceda.

É de destacar que cinco dos dez centros adscritos á experiencia piloto de illas de reciclaxe repiten este curso para perfeccionar a técnica. Deste xeito, continúan co este labor educativo que incide fundamentalmente na modificación dos hábitos e comportamentos da poboación para lograr un mundo mellor.

Centros participantes

Os centros que participan no programa son, na provincia da Coruña, o Ceip Plurilingüe "O Grupo" de Ribeira, "Emilio Navasqués" de Outes, "Manuel Masdías" de Ferrrol, "Areouta" de Fisterra, "Pedro Barrié de la Maza" de Sada e "Pío XII" de Santiago de Compostela. Da provincia de Pontevedra son o Ceip "Lourido" de Poio, "As Covas" e "Coirón-Dena" de Meaño, o Ceip de Oca, na Estrada, o Cpi "Aurelio Marcelino Rey García" de Cuntis e o Ceip "Carballal-Cabral" de Vigo. Pola súa banda, a provincia de Lugo está representada polo Cpi "Ramón Piñeiro" de Láncara, "O Salvador" da Pastoriza e o colexio de Monterroso. Por último, en Ourense está o CRA de Monterrei.

Entrevistamos a...

Luis Lamas Novo
Presidente de SOGAMA

M^a Eugenia Pérez Montes
Profesora no CEIP Carballal-Cabral

Novas

56.000 visitas desde o inicio da actividade

Preto de 1.200 familias xa producen o seu propio abono

O comercio ourensán reparte bolsas de papel reciclado

Multimedia

Eventos

Actualidade

[Voltar á páxina de inicio](#)

Síguenos en...



www.sogama.es



As instalacións de Sogama reciben preto de 56.000 visitas desde o inicio da súa actividade en 1998

O interese pola actividade do complexo medioambiental tamén se manifesta no crecente número de consultas á páxina web institucional e no elevado número de seguidores nas redes sociais.



O complexo medioambiental de Cerceda inaugurouse en xaneiro do ano 2000

Desde a posta en marcha da planta de clasificación de envases lixeiros en novembro de 1998, e ata comezos deste ano, as instalacións de Sogama recibiron preto de 56.000 visitas. Esta cifra avala a política de portas abertas e de transparencia informativa da empresa pública ao mostrar a súa actividade a todos os colectivos sociais que o demandan.

Ata o complexo medioambiental situado en Cerceda (A Coruña) desprázanse todas as semanas desde centros

escolares de primaria e secundaria ata universitarios, asociacións, profesionais do sector, delegacións políticas e estranxeiras e calesquera outros grupos interesados no labor da empresa pública. Alí son atendidos por persoal técnico especializado que adapta as súas explicacións e percorrido ao perfil dos grupos. No transcurso da ruta, os grupos ven por si mesmos a xestión da denominada bolsa amarela (envases lixeiros) e o itinerario que seguen os residuos da coñecida como bolsa negra (restos orgánicos e non reciclables).

As enquisas voluntarias cubertas polos visitantes a través da páxina web de Sogama permiten comprobar como cambia a percepción do traballo realizado no complexo. Despois da visita, elévase de forma considerable a valoración positiva do labor e dos beneficios que, en todos os sentidos, reporta á comunidade galega a xestión integral dos residuos que se realiza no recinto desde 1998.

Interese internacional

En paralelo ao interese dos galegos por coñecer in situ o traballo realizado por Sogama, tamén é destacar o incremento das visitas á páxina web e o número de seguidores nas redes sociais Facebook, Twitter e Tuenti. Estas últimas, o lema común é "Por unha Galicia sostible, educación ambiental Sogama".

Dende a súa renovación, fai agora un ano e medio, o sitio web de Sogama recibiu 85.600 visitas, sumando un total de 249.700 páxinas vistas. Aínda que a maior parte dos visitantes proveñen de España, tamén son significativas e recorrentes as entradas de cidadáns de practicamente todos os recunchos do mundo. Así, rexístranse visitas doutros países como México, Colombia, Chile, Arxentina, Perú, Venezuela, Ecuador, Reino Unido, Estados Unidos, Francia, Portugal, Guatemala, Italia e Alemaña.

A fin de responder ás demandas de todos os internautas, www.sogama.es recolle información institucional, pero tamén toda a vinculada á educación ambiental e á súa actividade industrial.

[Voltar á páxina de inicio](#)

Entrevistamos a...

Luis Lamas Novo
Presidente de SOGAMA

M^a Eugenia Pérez Montes
Profesora no CEIP Carballal-Cabral

Mundo SOGAMA

Alumnos de 16 colexios apostan pola reciclaxe

Novas

Preto de 1.200 familias xa producen o seu propio abono

O comercio ourensán reparte bolsas de papel reciclado

Multimedia

Eventos


Actualidade

Noventa novos fogares das provincias da Coruña e de Lugo beneficianse da compostaxe doméstica



As familias depositan a materia orgánica xerada nas súas casas nun composteiro cedido por Sogama e obteñen un abono de alta calidade apto para utilizar nos seus xardíns e hortas.

Sogama estendeu a comezo de ano o seu programa de compostaxe doméstica a 90 novas vivendas nos municipios de Cariño (A Coruña), Sarria e Xove (Lugo). Con estes xa son preto de 1.200 os fogares galegos incorporados ao programa de autocompostaxe promovido desde 2010 pola Sociedade Galega do Medio Ambiente.



Proceso de elaboración de compost

Cada vivenda participante conta co seu propio composteiro e tamén se lle entrega material divulgativo de apoio. Nel explícase de forma detallada a técnica a seguir para que o compost obtido teña

unha boa calidade e poida ser empregado, con absolutas garantías, en hortas, xardíns e terras de cultivo.

Formación

Sogama tamén formou a representantes dos tres novos concellos para que, á súa vez, estes se encarguen de transmitir os coñecementos adquiridos aos usuarios, realizando un seguimento pormenorizado do seu labor.

En xeral, e segundo os datos recollidos, a poboación está respondendo de forma moi positiva a esta iniciativa xa que no rural é moi habitual separar os desperdicios orgánicos para aproveitálos como alimento do gando ou na fabricación de compost. Agora, o proceso só se moderniza ao dispoñer nas casas dun recipiente apropiado no que se leva a cabo, dunha forma hixiénica, a fermentación do material baixo condicións controladas de temperatura e humidade.

[Voltar á páxina de inicio](#)

Entrevistamos a...

Luis Lamas Novo
Presidente de SOGAMA

M^a Eugenia Pérez Montes
Profesora no CEIP Carballal-Cabral

Mundo SOGAMA

Alumnos de 16 colexios apostan pola reciclaxe

Novas

56.000 visitas desde o inicio da actividade

O comercio ourensán reparte bolsas de papel reciclado

Multimedia

Eventos

Actualidade

Sogama colabora con dous centros comerciais abertos de Ourense para a edición e distribución de 26.000 bolsas de papel reciclado

Centro Couto de Ourense e Establecementos Asociados do Ribeiro, en Ribadavia, repartiron o material entre a súa clientela animándoa así a participar activamente nos mecanismos de recollida selectiva e a apostar de forma decidida polo alongamento da vida útil dos produtos.



Bolsa repartida pola asociación EAR

asociación Centro Couto mediante o cal se repartiron entre os establecementos adscritos 16.000 bolsas de papel reciclado. O obxectivo, igual que na área do Ribeiro, foi promover a súa reutilización entre os consumidores e instalos a participar activamente na recollida selectiva e na reciclaxe da maior porcentaxe posible de lixo.

No caso de Establecementos Asociados do Ribeiro (EAR), o reparto de 10.000 bolsas tivo lugar durante a campaña do Nadal. A entidade aproveitou para a ocasión para levar a cabo unha optimista acción de dinamización comercial entre a súa clientela vestindo o acto de rosa, a cor utilizada nas propias bolsas.

Só un 10% no contedor amarelo

Ambas colaboracións, máis aló da súa dimensión comercial, enmárcanse dentro das medidas de concienciación social que habitualmente se levan a cabo desde Sogama. Nesta ocasión, implicando ao sector do comercio e aos consumidores. Con estas actuacións quixose trasladar á cidadanía a importancia de limitar e racionalizar o consumo de bolsas plásticas non biodegradables polo seu grande impacto ambiental. No seu lugar, unha aposta máis sostible son as reutilizables e fabricadas a partir de materiais reciclados e reciclables.

É preciso recordar que cada habitante utiliza unha media de 238 bolsas plásticas ao ano. Destas, tan só o 10 por cento se deposita no contedor amarelo para propiciar o seu posterior reciclado, acabando o resto nos contedores verdes convencionais ou, o que é peor, dispersas polo contorno.

A través de ambas as dúas colaboracións, os dous centros comerciais abertos pretenden adiantarse ás medidas contempladas na Lei estatal 22/2011, de 28 de xullo, de Residuos e Solos Contaminados, que establece un calendario para a progresiva substitución das bolsas de plástico dun só uso ata a súa total prohibición en 2018.

[Voltar á páxina de inicio](#)

Entrevistamos a...

Luis Lamas Novo
Presidente de SOGAMA

M^a Eugenia Pérez Montes
Profesora no CEIP Carballal-Cabral

Mundo SOGAMA

Alumnos de 16 colexios apostan pola reciclaxe

Novas

56.000 visitas desde o inicio da actividade

Preto de 1.200 familias xa producen o seu propio abono

Multimedia

Eventos

Actualidade

Eventos

Boletín Informativo XANEIRO 2013

Un logro que nos implica a todos



Cartel da charla impartida en Lourenzá

O presidente de Sogama, Luís Lamas, impartiu en Lourenzá unha charla informativa sobre a reciclaxe

O presidente de Sogama, Luís Lamas, impartiu o pasado 29 de xaneiro unha charla informativa sobre reciclaxe e xestión de residuos urbanos no concello de Lourenzá (Lugo) aberta a todos os veciños. O relator tamén reservou un espazo para falar do bos resultados acadados polo programa de compostaxe doméstica no que participan varios fogares de Lourenzá.

Baixo o título "A reciclaxe, un logro que nos implica a todos", o responsable da empresa pública desgranou a problemática ambiental que supón a elevada xeración de residuos, a responsabilidade que debe asumir o cidadán a través da práctica dos tres erres e a actividade industrial da empresa pública como complemento ao labor da poboación.

Entrevistamos a...

Luís Lamas Novo
Presidente de SOGAMA

M^a Eugenia Pérez Montes
Profesora no CEIP Carballal-Cabral

Mundo SOGAMA

Alumnos de 16 colexios apostan pola reciclaxe

Novas

56.000 visitas desde o inicio da actividade

Preto de 1.200 familias xa producen o seu propio abono

O comercio ourensán reparte bolsas de papel reciclado

Multimedia

Actualidade

Sabes por que é importante separar?



Unha carpa informativa e educadores ambientais percorren varios municipios galegos para falar da importancia da colaboración cidadá na xestión de residuos

"Separemos ben, reciclaremos mellor" é o nome da campaña de concienciación social que desde setembro pasado está percorrendo 67 concellos galegos para

incrementar os niveis de reciclado na nosa comunidade, aínda moi baixos, e que sexa posible a recuperación dunha boa parte dos residuos.

Monitores especializados en educación ambiental son os encargados de materializar a campaña nas rúas e nas escolas. Charlas, xogos e obradoiros constitúen, entre outras, algunhas das actividades para que os pequenos interioricen o significado dos tres erres (redución, reutilización e reciclaxe) e os leven á práctica na súa vida diaria. Máis aló do colexio, a colaboración será efectiva se ten continuidade no ámbito familiar e no contorno social máis próximo.

De forma paralela, unha "carpa da reciclaxe" sitúase en zonas céntricas dos núcleos urbanos municipais para captar a atención dos transeúntes. Alí, os veciños reciben explicacións sobre a importancia da recollida selectiva e poden poñer a proba os seus coñecementos na xestión sostible dos residuos urbanos. Esta práctica sívvelles para diagnosticar posibles erros e dúbidas. Tamén para percatarse de que un pequeno esforzo ten grandes compensacións para o conxunto da sociedade.

[Voltar á páxina de inicio](#)

Síguenos en...



www.sogama.es



Unha folla de ruta para os próximos anos



Portada do Plan de Xestión de Residuos Urbanos de Galicia 2010-2020

2020, unha das novidades que presenta o Plan é a incorporación das persoas no modelo de xestión. É dicir, a importancia das accións colectivas como sociedade e das individuais como cidadáns para cumprir cos obxectivos marcados: reducir a produción de refugallos, incrementar a reutilización e a reciclaxe, e minimizar o vertido final.

O Plan de Xestión de Residuos Urbanos de Galicia 2010-2020 é a folla de ruta que guiará nesta década todas as accións para acadar unha eficiente xestión dos residuos urbanos na nosa comunidade.

O Plan de Xestión de Residuos Urbanos de Galicia 2010-2020 establece a estratexia de actuación para acadar unha eficiente xestión dos residuos urbanos en Galicia nesta década. O fin desta folla de ruta é buscar un novo escenario medioambiental máis sostible, de acordo coa normativa vixente, facendo especial fincapé na prevención e na valorización dos residuos.

Ademais de contemplar as infraestruturas necesarias para tratar os residuos que, se estima xeraremos os galegos ata

[Escoita o microespazo informativo sobre o Plan >>](#)
[Documento do Plan de xestión de residuos urbanos de Galicia 2010-2020 >>](#)

[Voltar á páxina de inicio](#)

Entrevistamos a...

Luis Lamas Novo
Presidente de SOGAMA

M^a Eugenia Pérez Montes
Profesora no CEIP Carballal-Cabral

Mundo SOGAMA

Alumnos de 16 colexios apostan pola reciclaxe

Novas

56.000 visitas desde o inicio da actividade

Preto de 1.200 familias xa producen o seu propio abono

O comercio ourensán reparte bolsas de papel reciclado

Multimedia

Eventos